

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 2 de xaneiro de 2009 pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2009.

Na Europa de hoxe, o papel das linguas constitúese como piar esencial no desenvolvemento dunha identidade intercultural fundamental na construción dunha identidade europea. Galicia, como o resto de Europa, está a sufrir un momento de grandes cambios sociais e culturais, que son visibles pola pluralidade cada vez maior de linguas, estilos de vida e sistemas de valores. Neste momento, tal e como está a acontecer en moitos dos sistemas educativos europeos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a dar cada vez máis importancia á aprendizaxe das linguas estranxeiras tomando como base a evidente necesidade de desenvolver a competencia plurilingüe e intercultural da cidadanía dentro do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo actual. Seguindo as directrices europeas, a administración educativa galega quere continuar cos programas de inmersión lingüística, que, despois de tres anos de feliz desenvolvemento, teñen como obxectivo prioritario non só o fomento da moti-

vación do alumnado cara ás linguas estranxeiras, senón a mellora da súa competencia en comunicación lingüística e a comunicación intercultural. Esta dimensión intercultural na aprendizaxe de linguas estranxeiras ten por obxecto desenvolver o alumnado como falante ou mediador intercultural, preparándoo así para a complexidade do mundo actual mediante o coñecemento e desenvolvemento de identidades culturais múltiples. Para que as familias galegas teñan a posibilidade de facilitar aos seus fillos e fillas o coñecemento doutras linguas e doutras culturas, e para premiar o esforzo do alumnado galego, continúaase con este eixe de actuación ofrecendo actividades de inmersión lingüística.

Por todo iso, e dentro do plan de fomento do ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto, ámbito da convocatoria e condicións económicas.*

1. O obxecto desta orde é convocar 2.650 axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2009 (desde a última semana de xuño ata o 31 de agosto), tal como figuran na táboa que aparece a seguir.

Curso	Nº prazas	Distribución	Lugares e duración	Réxime de aloxamento	Custo total ata	Achega familias
2º bach.	250	200 inglés 50 francés	Canadá -Tres semanas	Familias	2.250 €	300 €
1º bach.	250	200 inglés 50 francés	Canadá -Tres semanas	Familias	2.250 €	300 €
4º ESO	750	650 inglés 100 francés	Reino Unido Irlanda Francia -Tres semanas	Familias ou residencias	1.890 €	150 €
3º ESO	700	600 inglés 100 francés	Reino Unido Irlanda Francia -Tres semanas	Familias ou residencias	1.890 €	150 €
2º ESO	400	300 inglés 100 francés	Reino Unido Irlanda Francia -Tres semanas	Familias ou residencias	1.860 €	150 €
1º ESO	200	200 inglés	Distintos puntos de España -Dúas semanas	Campamentos ou residencias	1.000 €	100 €
6º E.P.	100	100 inglés	Comunidade autónoma -Dúas semanas	Campamentos ou residencias	800 €	75 €

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará:

-Os gastos da viaxe desde o aeroporto ou punto de saída dos distintos grupos.

-Os monitores ou monitoras que acompañarán o alumnado en cada un dos grupos durante a actividade, desde o momento de saída ao de regreso.

-Os gastos de docencia, cun programa semanal de clases de entre 15-20 horas, incluíndo libros e material escolar.

-As actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos.

-Os gastos de mantenza e aloxamento segundo o réxime que se indica na táboa anterior.

-O certificado de realización da actividade de inmersión.

-O seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

2. As datas concretas de realización das actividades daranse a coñecer coa publicación das listaxes definitivas do alumnado seleccionado.

A Administración reserva para si o dereito de adxudicar destino ás persoas seleccionadas atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas na solicitude.

As familias achegarán as cantidades correspondentes á empresa adxudicataria encargada da organización técnica da actividade, segundo as instrucións que se indiquen no artigo 7º.5 desta orde.

Artigo 2º.-Destinatarios e requisitos.

1. Poderá ser destinatario destas axudas aquel alumnado que cumpra os requisitos que figuran a seguir:

a) Estar realizando 6º de educación primaria; 1º, 2º, 3º, 4º da educación secundaria obrigatoria; 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2008-2009 na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Non ter desfrutado dunha axuda para actividades de inmersión lingüística no verán de 2008.

c) Ter, no curso 2007-2008, unha avaliación positiva na área da lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía.

d) Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

e) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Estar en posesión do DNI, NIE ou pasaporte. Aquelas persoas que non teñan nacionalidade española deberán contar co correspondente visado, tarxeta de residencia ou calquera outra exixencia requirida polo país ao que viaxa, segundo corresponda. O alumnado de 2º, 3º, 4º da ESO e o de Bacharelato deberá estar en posesión do pasaporte en vigor.

2. Poderán solicitar as axudas os pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade e os alumnos e alumnas maiores de 18 anos con domicilio no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-Presentación e prazo das solicitudes.

1. As persoas que desexen optar á axuda deberán completar en liña, a través da páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, o formulario electrónico de solicitude, segundo o modelo do anexo I que corresponda en función do curso en que estean matriculados e os anexos II, III e, de ser o caso, o anexo IV. Unha vez cubertos estes formularios, rexistrárase a solicitude na aplicación en liña, imprimírase e será asinada polo solicitante (pai, nai ou titor/a legal, no caso de alumnado menor de idade ou o/a alumno/a maior de 18 anos) e polo director/a do centro educativo onde cursa estudos o/a alumno/a, certificando o centro os datos académicos. Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo establecido no punto 2 deste artigo, presentarán esa mesma solicitude e os anexos impresos, debidamente asinados, así como a documentación complementaria necesaria, na oficina de rexistro único e información (edificio administrativo San Caetano s/n, Santiago de Compostela), ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das admi-

nistracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Se a solicitude se remite por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario/a de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 4º.-Documentación.

1. A presentación da solicitude de concesión de axudas polo interesado/a comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia. Se o solicitante, representante legal ou membros da unidade familiar non presentaron declaración, por non estaren obrigados a facelo, a acreditación dos seus ingresos familiares efectuarase mediante información de carácter tributario ou económico facilitada pola Administración tributaria, relativa ás mencionadas parte xeral e especial da base reguladas nos artigos 47, 48 e 49 da Lei 35/2006, do 28 de novembro.

2. Ás solicitudes achegarase a documentación que se relaciona a seguir:

a) Certificación académica do curso 2007-2008.

b) Certificado de empadramento da unidade familiar.

c) Autorización do pai e da nai ou do titor/titora legal para coñecer os ingresos totais da unidade familiar, coa finalidade de poder recadar datos de carácter tributario ou económicos que lle fosen legalmente pertinentes da Axencia de Administración Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF). Esta autorización cubrirase segundo o anexo II. No caso de familias en que conviva un só proxenitor ou titor co alumno/a, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia e cubrir o anexo IV. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, as rendas e patrimonio do cal se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar. Na medida en que a través deste sistema a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poida dispoñer destas informacións, non se exixirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas pola Axencia de Administración Tributaria nin a presentación en orixinal, copia ou certificación das súas declaracións tributarias.

Aquelas persoas das cales non se poidan obter datos a través da Axencia de Administración Tributaria, deberán xustificar documentalmente os seus ingresos correspondentes á totalidade do ano 2007.

d) Declaración de non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade segundo o modelo que figura no anexo III.

e) Fotocopia compulsada do libro de familia en que figuren todos os membros da unidade familiar.

No caso de non ter libro de familia, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar. No suposto de non convivencia de ambos os proxenitores, deberase acreditar que o solicitante convive cos fillos.

f) Fotocopia compulsada do DNI de todos os membros da unidade familiar.

3. Os solicitantes que aleguen as circunstancias familiares especiais referidas no artigo 6.3º desta orde, deberán presentar tamén a acreditación documental que precisen, dependendo do que queiran alegar nas súas solicitudes:

a) Fotocopia compulsada do título de familia numerosa en vigor.

b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar en primeiro grao, fotocopia compulsada do certificado do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% acreditado polo Equipo de Valoración e Orientación de Minusvalidez (EVO) da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ou fotocopia da resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) ou de pensionistas de clases pasivas que acredite unha pensión de grande invalidez.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

Todas as fotocopias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsa.

De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para aquelas solicitudes que non acheguen os documentos anteriormente sinalados, requirirase ao interesado/a para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Artigo 5º.-Comisión seleccionadora.

A selección das persoas beneficiarias desta convocatoria realizaráa unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de catro vogais nomeados pola presidencia da comisión de selección, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou membros da Inspección educativa.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaborar na valoración dos documentos achegados e na baremación.

Para os efectos previstos no artigo 26.2º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, esta comisión considérase incluída na categoría 3ª.

Artigo 6º.-Criterios de selección.

Os criterios de selección que se terán en conta para conceder esta axuda serán:

1. Nota media das cualificacións do expediente académico dos estudos realizados no curso 2007-2008 polo alumno/a.

Nota media	Puntuación
5-suficiente	0,5 puntos
6-ben	1 punto
7-notable	1,5 puntos
8	2 puntos
9-sobresaliente	2,5 puntos
10	3 puntos

2. Ingresos da unidade familiar divididos polo número de membros. Renda familiar entendida como a suma dos ingresos obtidos polos seus membros no ano 2007.

Aos ingresos anuais da unidade familiar dividido entre o número de membros da mesma adxudicáraselle a seguinte puntuación:

Ata 3.904, 00 €	10 puntos
De 3.904, 01€ a 4.429,00 €	8 puntos
De 4.429,01 € a 4.961,00 €	7 puntos
De 4.961,01 € a 5.484,00 €	6 puntos
De 5.484,01 € a 6.060,00 €	5 puntos
De 6.060,01 € a 6.540,00 €	4 puntos
De 6.540,01 € a 7.072,00 €	3 puntos
De 7.072,01 € a 7.596,00 €	2 puntos
De 7.596,01 € a 8.126,00 €	1 punto
Máis de 8.126,00 €	0

3. Circunstancias familiares especiais polas que se poderá engadir ata un máximo de 1,5 puntos. Considéranse neste punto situacións como:

Discapacidade dalgún membro da unidade familiar en primeiro grao, igual ou superior ao 33% ou pensionista de grande invalidez (presentar certificado do equipo de valoración e orientación de discapacidade).	0,5 por cada membro, como máximo 1 punto
Pertencer a familias numerosas (presentar fotocopia compulsada do título de familia numerosa).	0,5 puntos

Artigo 7º.-Procedemento de adxudicación de prazas.

1. Finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, a comisión de selección fará pública a relación de solicitudes coa documentación correcta, incorrecta e excluídas, relación que se exporá na web da convocatoria <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio

administrativo de San Caetano), na Consellería de Presidencia (Oficina de Atención ao Cidadán) e remitirase para a súa publicación ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e aos centros de ensino primario e secundario obxecto do ámbito desta convocatoria.

2. A seguir abrírase un prazo de dez días para emendar os erros e a falta de documentación, así como para efectuar reclamacións ou renuncias. As circunstancias da emenda de erros ou falta de documentación poderanse consultar mediante identificación do DNI da persoa solicitante na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>. A falta de presentación da documentación a que fai referencia o punto 2 do artigo 4º dentro deste prazo será motivo de exclusión da convocatoria. A falta de presentación da documentación a que fai referencia o punto 3 do artigo 4º comportará o non ser tidos en conta os méritos correspondentes na baremación.

3. Transcorrido este prazo e unha vez avaliados os documentos engadidos, publicarase, segundo o citado no punto 1, a listaxe provisoria de seleccionados e de suplentes, ordenados por puntuación por cada un dos cursos. Nos casos en que se produzan empates na puntuación, resolveranse aplicando o criterio de menor renda por membro da unidade familiar.

4. A seguir, abrírase un prazo de 10 días para formular reclamacións.

5. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións contra a listaxe provisoria e estudadas as alegacións presentadas, publicarase, segundo o indicado no punto 1, a listaxe definitiva de seleccionados e de suplentes, así como os destinos e as datas de realización das estadías. A seguir abrírase un prazo de 10 días para que os solicitantes remitan á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, mediante correo certificado con aviso (será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario/a de Correos poida facer constar o selo e a data, antes de proceder á súa certificación postal), a seguinte documentación:

-Aceptación ou renuncia á axuda segundo o anexo V.

-Comprobante bancario do pagamento á empresa adjudicataria dos cursos no nº de conta bancaria que se indicará nas instrucións que se facilitarán aos solicitantes a través do enderezo web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior. A falta de xustificación do ingreso da cantidade indicada dentro do prazo implica a renuncia á praza adjudicada.

-Copia compulsada do pasaporte ou visado en vigor, no caso do alumnado de 2º, 3º, 4º da ESO e do bacharelato.

-Declaración de non ter concedida ningunha outra axuda coa mesma finalidade no momento de concesión da axuda, segundo o modelo que figura no anexo III.

As prazas vacantes seranlles ofertadas aos alumnos suplentes por chamamento directo aos teléfonos indicados na solicitude, seguindo a relación publicada de suplentes.

6. A comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá a relación final das persoas seleccionadas.

7. A resolución definitiva publicarase na web da convocatoria <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano), na Consellería de Presidencia (Oficina de Atención ao Cidadán) e remitirase para a súa publicación ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e aos centros de ensino primario e secundario. Unha vez finalizado o programa e co fin de lle dar publicidade e transparencia, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a listaxe do alumnado que recibiu a axuda.

8. A obtención da axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían, así como a renuncia posterior á resolución definitiva, salvo casos debidamente xustificadas, poderá supoñer, en aplicación do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o reintegro do importe equivalente da axuda e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

9. Contra a resolución definitiva de adjudicación, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Artigo 8º.-Renuncias posteriores á aceptación da axuda.

Unha vez aceptada a axuda mediante a sinatura do anexo V, a renuncia posterior implicará o pagamento do importe total da estadía nos seguintes casos, salvo causas graves, debidamente xustificadas:

-A renuncia unha vez finalizado o prazo estipulado no artigo 7.5º para a remisión da documentación necesaria para a aceptación da axuda.

-Non presentarse no punto de saída sinalado para o inicio da viaxe.

-Non posuír a documentación necesaria para a realización da viaxe.

Artigo 9º.-Abandono do programa.

No caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa sen unha causa grave debidamente xustificada, o solicitante asumirá os gastos ocasionados, incluíndo os de regreso, así como o importe total do custo da actividade.

Artigo 10º.-Expulsión do programa.

Un comportamento non apropiado poderá supoñer a expulsión deste programa e o final da estadía, por causas de igual ou similar natureza ás seguintes:

- O cumprimento das leis do país a que viaxan.
- Consumo de alcohol e/ou de substancias ilegais.
- Automedicación sen autorización médica.
- Condutas disruptivas.
- Comportamentos asociais.

A expulsión do programa suporá ao solicitante o pagamento do regreso e do custo total da actividade, así como, de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados desas condutas.

Artigo 11º.-Comunicación.

Toda a información relacionada co estado das solicitudes ou coa adxudicación de prazas, centros, voos, viaxes e reunión coas familias farase a través da páxina principal da web, <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, que se actualizará periodicamente.

Artigo 12º.-Contía das axudas.

1. O importe máximo é de 4.410.147 € para distribuír nesta convocatoria; farase con cargo á partida orzamentaria 09.02.423B.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

2. En todo caso o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e ao disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 (DOG do 19 de febreiro), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 (DOG do 29 de novembro) e do 25 de outubro de 2001 (DOG do 29 de outubro).

Artigo 13º.-Colaboración dos centros educativos na difusión e participación nesta convocatoria.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elaborará folletos informativos sobre o procedemento de solicitude e de adxudicación que serán enviados aos centros educativos en formato electrónico para que se poidan imprimir e facilitalo ao alumnado obxecto desta convocatoria.

2. A dirección de cada centro educativo arbitrará as medidas necesarias para que o contido desta orde sexa coñecido por todos os sectores da comunidade educativa e entregaralle unha copia dela ao consello escolar, ao claustro, ás ANPAS e, de ser o caso, ás asociacións de alumnado; así mesmo expoñeranse no taboleiro de anuncios as listaxes provisorias e a definitiva de alumnado seleccionado.

3. O contido desta orde e a información complementaria -acreditación dos centros receptores, póliza de seguros e responsabilidade civil, e os seus respectivos enderezos electrónicos- atoparanse na páxina da internet <http://www.edu.xunta.es/axudasle>.

4. As direccións dos centros educativos sostidos con fondos públicos arbitrarán as medidas pertinentes para facilitar ao alumnado e/ou ás súas familias a solicitude en liña.

Artigo 14º.-Recursos.

Contra esta orde as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición adicional

Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as persoas solicitantes deberán autorizar expresamente á Administración concedente a inclusión e publicidade nos rexistros regulados no citado decreto dos datos básicos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o peticionario poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido, segundo dispón a alínea 2 da citada disposición adicional.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ás normas aplicables do texto articulado da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicada no DOG do 25 de xuño de 2007.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2009.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

ANEXO I - 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Para cubrir pola Administración

Nº SOLICITUDE
CURSO

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED504B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

A. DATOS DO ALUMNO/A

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER

B. DATOS PARA CUBRIR POLO CENTRO

CURSO NO QUE ESTA MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 6º Educación primaria	NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADEMICO CURSO 2007-2008	NOTA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLES) CURSO 2007-2008
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO	
ENDEREZO DO CENTRO EDUCATIVO		CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO
		FAX
CORREO ELECTRÓNICO		
Don/Dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, certifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e a veracidade dos datos académicos desta solicitude.		
_____, de _____ de _____		
Selo do centro		
Asinado:		

C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO:	<input type="checkbox"/> TELÉFONO:	Marque con X o teléfono onde poida recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

D. DATOS DA CONVOCATORIA

1- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTAS DE GRANDE INVALIDEZ	PAI/ OUTROS <input type="checkbox"/>	NAI/ OUTROS <input type="checkbox"/>
2- FAMILIA NUMEROSA	<input type="checkbox"/>	

Quen abaixo asina DECLARA QUE: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos parágrafos 3º e 4º de artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 2 de xaneiro de 2009, pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2009.</i>	(Para cubrir pola Administración)
Autorizo o meu fillo/a para participar no programa de inmersión lingüística organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	RECIBIDO
SINATURA DO PAI / NAI / TITOR LEGAL OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA (A MESMA PERSOA QUE NA LETRA C)	REVISADO E CONFORME
D/a _____	
_____, de _____ de _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

ANEXO I - 1º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Para cubrir pola Administración

Nº SOLICITUDE
 CURSO

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED504B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

A. DATOS DO ALUMNO/A

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
----------	------	---------	-------------------	---

B. DATOS PARA CUBRIR POLO CENTRO

CURSO NO QUE ESTÁ MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 1º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO CURSO 2007-2008	NOTA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) CURSO 2007-2008
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO	
ENDEREZO DO CENTRO EDUCATIVO		CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO		FAX
Don/Dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, certifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e a veracidade dos datos académicos desta solicitude. _____, de _____ de _____ Selo del centro Asinado:		

C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	Marque cun X o teléfono onde poida recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

D. DATOS DA CONVOCATORIA

1- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTAS DE GRANDE INVALIDEZ	PAI/ OUTROS <input type="checkbox"/>	NAI/ OUTROS <input type="checkbox"/>
2- FAMILIA NUMEROSA	<input type="checkbox"/>	

Quen abaixo asina DECLARA QUE: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos parágrafos 3º e 4º de artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 2 de xaneiro de 2009, pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2009.</i>
Autorizo o meu fillo/a para participar no programa de inmersión lingüística organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
SINATURA DO PAI / NAI / TITOR LEGAL OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA (A MESMA PERSOA QUE NA LETRA C) D./a _____ _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA ____/____/____
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS ____/____/____
	DATA DE SAÍDA ____/____/____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

Para cubrir pola Administración

Nº SOLICITUDE

CURSO

ANEXO I - 2º, 3º E 4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED504B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

PREFERENCIAS DE DESTINO (POÑA 1, 2, 3...)

<input type="checkbox"/> Inglés no Reino Unido	<input type="checkbox"/> Inglés en Irlanda	<input type="checkbox"/> Francés en Francia
--	--	---

A. DATOS DO ALUMNO/A

APELLIDOS	NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER

B. DATOS PARA CUBRIR POLO CENTRO

CURSO NO QUE ESTÁ MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 2º ESO <input type="checkbox"/> 3º ESO <input type="checkbox"/> 4º ESO	NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADEMICO CURSO 2007-2008	NOTA DE LINGUA ESTRANXEIRA CURSO 2007-2008 INGLÉS FRANCÉS
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO	
ENDEREZO DO CENTRO EDUCATIVO	CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO FAX
CORREO ELECTRÓNICO		
Don/Dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, certifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e a veracidade dos datos académicos desta solicitude.		
_____, de _____ de _____		
Selo do centro		
Asinado:		

C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL

APELLIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO:	<input type="checkbox"/> TELÉFONO:	Marque cun X o teléfono onde poida recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

D. DATOS DA CONVOCATORIA

1- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTAS DE GRANDE INVALIDEZ	PAI/ OUTROS <input type="checkbox"/>	NAI/ OUTROS <input type="checkbox"/>
2- FAMILIA NUMEROSA	<input type="checkbox"/>	

Quen abaixo asina DECLARA QUE: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos parágrafos 3º e 4º de artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 2 de xaneiro de 2009, pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2009.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
Autorizo o meu fillo/a para participar no programa de inmersión lingüística organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
SINATURA DO PAI / NAI / TITOR LEGAL OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA (A MESMA PERSOA QUE NA LETRA C)	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
D./a _____		DATA DE SAÍDA
_____, de _____ de _____		



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

Para cubrir pola Administración

Nº SOLICITUDE
 CURSO

ANEXO I - 1º, 2º BACHARELATO

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED504B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

PREFERENCIAS DE DESTINO (POÑA 1 ou 2)

Inglés Francés

A. DATOS DO ALUMNO/A

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
----------	------	---------	-------------------	---

B. DATOS PARA CUBRIR POLO CENTRO

CURSO NO QUE ESTÁ MATRICULADO: <input type="checkbox"/> 1º BACHARELATO <input type="checkbox"/> 2º BACHARELATO	NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO CURSO 2007-2008	NOTA DE LINGUA ESTRANXEIRA CURSO 2007-2008 INGLÉS FRANCÉS
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO	
ENDEREZO DO CENTRO EDUCATIVO	CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO FAX
CORREO ELECTRÓNICO		
Don/Dona _____ director/a secretario/a do centro educativo, certifica que o/a alumno/a que presenta a solicitude cursa os estudos indicados e a veracidade dos datos académicos desta solicitude. _____, de _____ de _____ Selo do centro _____ Asinado: _____		

C. DATOS DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL

APELIDOS	NOME	DNI/NIE	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	<input type="checkbox"/> TELÉFONO: _____	Marque cun X o teléfono onde poida recibir mensaxes de texto (SMS) do estado da súa solicitude	

D. DATOS DA CONVOCATORIA

1- MINUSVALIDEZ DE GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PENSIONISTAS DE GRANDE INVALIDEZ PAI/ OUTROS NAI/ OUTROS
 2- FAMILIA NUMEROSA

Quen abaixo asina DECLARA QUE: non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos parágrafos 3º e 4º de artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 2 de xaneiro de 2009, pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2009.

Autorizo o meu fillo/a para participar no programa de inmersión lingüística organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

SINATURA DO PAI / NAI / TITOR LEGAL OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA (A MESMA PERSOA QUE NA LETRA C)

D./a _____

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ____/____/____
	DATA DE EFECTOS ____/____/____
	DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

MODELO DE AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE A DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA POIDA SOLICITAR DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)

A/s persoa/s que abaixo asina/n autoriza/n a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para solicitarlle á Axencia Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da axuda.

A presente autorización outórgase para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención e/ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación do disposto pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto legislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 85.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo de autorización do/a interesado/a, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DO PAI E NAI OU TITOR/A LEGAL QUE OUTORGAN AUTORIZACIÓN

<i>PARENTESCO CO ALUMNO/A</i>	<i>NOME E APELIDOS</i>	<i>DNI / NIE</i>	<i>SINATURA</i>
PAI / TITOR / OUTROS			
NAI / TITORA / OUTROS			

, de de

NOTA: a autorización concedida polo/a asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

ANEXO III

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS PRESENTADA POLO/A ALUMNO/A

Don/ Dona con DNI/ NIE nº
 con domicilio en código postal
 concello como pai/ nai/ titor/a legal do/a alumno/a
 con DNI/NIE nº

Tendo presentado unha solicitude de axudas ao abeiro da Orde do _____, pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2009,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que ten concedida/s a/s seguinte/s axudas de calquera Administración ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades en relación co proxecto desta solicitude:

<i>Estado (concedida)</i>	<i>Organismo</i>	<i>Data resolución</i>	<i>Disposición</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que non ten concedida ningunha outra axuda para a participación en actividades de inmersión lingüística coa mesma finalidade que as previstas nesta orde de convocatoria.

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

, de de

(sinatura do pai, nai ou titor legal)

ANEXO IV

Don/Dona: con DNI nº como pai,
nai ou titor legal do/a alumno/a con DNI nº

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son o/a sustentador/a único/a da familia debido á seguinte causa:

Pai/nai solteiro/a

Viúvo/viúva

Divorcio ou separación

Outras (indíquese cales)

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

ANEXO V

(remitirase unha vez que se publique a listaxe definitiva de alumnado seleccionado)

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á AXUDA CONCEDIDA

Don/Dona con DNI/NIE nº
pai/nai/titor legal de con DNI/NIE nº

beneficiario/a da axuda concedida ao abeiro da Orde do _____, pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2009.

RENUNCIO Á AXUDA

ACEPTO A AXUDA, autorizándoo para participar no programa de inmersión lingüística organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a recibir a atención médica que, de ser o caso, sexa necesaria. Asemade, manifesto o meu coñecemento de que:

- No caso de renuncia posterior á aceptación da axuda, tal e como se indica no artigo 8º da orde de convocatoria (renuncia unha vez rematado o prazo estipulado no artigo 7.5 para a remisión da documentación necesaria para a aceptación da axuda, non presentarse no punto de saída sinalado para o inicio da viaxe ou non posuír a documentación necesaria para a realización da viaxe), fareime cargo do pagamento do importe total do custo da actividade.
- No caso de abandono do programa, sen ter unha causa grave debidamente xustificada, segundo vén recollido no artigo 9º da orde de convocatoria, fareime cargo do pagamento dos gastos ocasionados, incluíndo os de regreso, así como o importe total do custo da actividade.
- No caso de expulsión do programa, debida a algunha das causas previstas no artigo 10º da orde de convocatoria, fareime cargo do pagamento do importe do regreso e do custo total da actividade, así como, de ser o caso, do importe dos gastos ocasionados ou derivados desas condutas.

Alerxias do/a alumno/a ou necesidades médicas especiais:

_____, de _____ de _____

Asinado:

Remitir por correo certificado xunto co comprobante de ingreso de € no número de conta indicado.